

ANEXO I

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D^a..... actuando en nome propio ou en representación de....., con NIF:

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que cumprindo todas as condicións legalmente establecidas para contratar coa administración, así como as condicións particulares que rexen a licitación convocada polo Concello de Soutomaior denominada **ADXUDICACIÓN DE AUTORIZACIÓNS PARA INSTALACIÓN DE QUIOSCOS TEMPORAIS NA CARBALLEIRA DO PEIRAO (ARCADE), CONCELLO DE SOUTOMAIOR, TEMPADA 2023** comprométese, en caso de resultar proposto como adxudicatario, a acreditar tales circunstancias, mediante a presentación tanto da documentación administrativa a que se refire o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, así como calquera outro tipo de documentación pola que se rexe esta licitación.

Asi mesmo declaro responsablemente: (Riscar cun X o que proceda)

Que a sociedade está validamente constituída e que conforme ao seu obxecto social pode presentarse a licitación.

Que como asinante da declaración ostento a debida representación da sociedade que presenta a proposición (En caso de licitar en nome propio: Declara que ten a capacidade necesaria para asinar a presente declaración).

Que a sociedade a que represento (ou o asinante da declaración, cando actúe en nome propio), conta coa correspondente clasificación, no seu caso, ou que cumpre os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional esixidos, nas condicións que estableza os pregos.

Que a sociedade a que represento (ou o asinante da declaración cando actúe en nome propio) non está incurso en prohibición de contratar por si mesma nin por extensión como consecuencia da aplicación do artigo 71.3 da LCSP.

O compromiso de constitución de Unión Temporal de Empresarios. Se varios empresarios concorren agrupados nunha unión temporal, deberán indicar os nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de se constituír formalmente en unión temporal, en caso de resultar adxudicatarios do contrato.

Que designa o seguinte enderezo de correo electrónico e número de teléfono, aos efectos de practicar as notificacións/comunicacións

No caso de ser unha empresa estranxeira declaro o sometemento a xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponderlles.

Que, conforme ao artigo 42 do Código de Comercio, a empresa á que represento:

- Non pertence a un grupo de empresas.
- Pertence a un grupo de empresas.....(Xunto anexo coa relación das empresas pertencentes ao grupo).
- Ningunha outra empresa do grupo se presenta a esta licitación.

(*). No caso de que varios empresarios concorran agrupados nunha unión temporal, cada empresa participante achegará unha declaración responsable segundo o presente modelo, no que se inclúe o compromiso de constitución da unión. En documento separado deberán indicar os nomes e circunstancias dos empresarios que constitúan a unión temporal, a participación de cada un, e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, ostentará a representación da unión temporal ante a Administración.

Data e sinatura do declarante.